

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	BOIRO
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Vicente de Cespón
<b>Dirección</b>	Aldea de San Roque, 12. 15990
	42.675939 -8.854540
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Levantada no século XII, probablemente sobre unha necrópole romana, foi sometida ao longo da súa historia a varias transformacións. Ésto leva consigo que neste edificio coexistan diferentes estilos, dende o románico ata o neoclásico, pasando polo gótico ou o barroco. É de planta de cruz latina cunha soa nave, con dúas capelas laterais e unha ábsida na cabeceira. Está cuberta por unha bóveda de canón rebaixada que se apoia en arcos faixóns de medio punto. Os seus muros son de cantería de granito. A fachada principal conserva a portada románica, abucinada con arquivoltas sobre dous pares de columnas. Foi reedificada en 1690, segundo reza unha inscrición. Sobre a portada hai un óculo abucinado. No lateral norte levántase unha torre-campanario.</p> <p>No interior cabe destacar o baldaquino gótico tardío do século XVI, situado á entrada e composto por dous arcos conopial tallados con escenas dos Apóstolos e o Descendemento.</p>
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
<b>Data</b>	31-10-2022

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</a>	1947	55	96
Torre-campanario	<a href="#">Mediana.</a>	<a href="#">LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1900	80	296
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)</a>	1901	100	579

Información completa: [Igrexa de San Vicente de Cespón - BOIRO \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)